



Concello de Lugo

TRATAMENTO E SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE

O Concello é o responsable de facer chegar a auga potable aos cidadáns e cidadás de Lugo. Dende a Estación de captación e tratamento da auga ata os domicilios lugueses hai un proceso que resumidamente é o seguinte:

- Captación de auga bruta do río Miño.
- Proceso de decantación.
- Filtración mediante filtros de area.
- Precloración e postcloración.
- Tratamento químico con reactivos: sulfato de alúmina, hidróxido cálcico, polielectrolito, permanganato potásico, carón activo.
- Bombeo da auga tratada ós depósitos de distribución.
- Laboratorio de control químico e bacteriolóxico.
- Vixilancia e control dos depósitos de distribución sitos na Piringalla.
- Bombeo ó depósito situado no Polígono do CEAO e mantemento de equipo de cloración complementario situado no mesmo.
- Mantemento de tódolos equipos eléctricos en alta e baixa tensión (transformadores, motores, etc.).

O Servizo de Augas do Concello realiza os trámites necesarios para cumprimentar o abastecemento: Contratos de subministro, lectura de contadores, facturación de recibos, tramitación das facturas e atención ás diferentes reclamacións que podan xurdir no desenvolvemento do servizo. A facturación realízase de xeito trimestral e na factura adoita incluírse tamén as taxas de recollida de lixo e sumidoiros.

Completa o Servizo de Augas o Taller encargado da instalación da rede de subministro de auga, ben sexa en traballos directos ou en mediante control dos proxectos contratados con outras empresas. Este taller é dependente da Concellería de Infraestruturas. O Taller de Augas é tamén a dependencia encargada de:

- Apertura e recheo de zanzas.
- Cortes de subministro de auga para que os fontaneiros particulares podan conectar e repara-las avarías nas acometidas dos edificios, así como controlar estes traballos.
- Localización de fugas.
- Reparación de avarías.
- Mantemento da Rede de Impulsión e da Rede de Subministro de Auga.
- Información ás empresas que traballan na cidade da localización da Rede de Subministro de Auga.
- Emisión de informes sobre traballos que son necesarios realizar para a conexión das acometidas e prolongacións de Rede que son solicitadas, así como realización de informes sobre danos ocasionados por roturas.